



250 TÉCNICOS EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA DEBATEN SOBRE OS VALORES DA SÚA PROFESIÓN

- *A I Xornada de TCAEs da Área Sanitaria de Vigo que se celebrou onte leva por lema "Formación e humanización: valores da nosa profesión"*
- *A Área Sanitaria de Vigo conta cun millar de TCAEs, que desenvolven unha actividade fundamental na prestación de coidados aos pacientes*

Vigo, 26 de maio de 2023. Baixo o lema "Formación e Humanización: Valores da nosa profesión" a Unidade de Docencia e Formación Continuada da Área Sanitaria de Vigo celebrou onte a *I Xornada de Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAEs)*.

Neste encontro participaron un total de 250 profesionais da Área Sanitaria, de Atención Primaria e Hospitalaria.



Segundo explica a presidenta do comité organizador e coordinadora deste colectivo, a TCAE Modesta Riobó, "trátase do primeiro encontro do noso colectivo e estamos moi contentas e sorprendidas pola boa acollida desta xornada. Os obxectivos da mesma son fundamentalmente, a posta en valor da Formación e Humanización como eixos da nosa profesión, fomentar unha asistencia sanitaria baseada nos coñecementos e a Formación Continuada e dar visibilidade ao noso traballo a través das comunicacións presentadas."



Actividade fundamental na prestación de cuidados

No momento actual, a Área Sanitaria de Vigo conta cun millar de TCAEs. Son profesionais autónomas, integradas en equipos multidisciplinares, que traballan en coordinación coa enfermaría, e que realizan unha actividade fundamental que repercute na mellora da calidade asistencial que, dentro do equipo de saúde, prestan á sociedade.

